



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA  
POLA QUE SE APROBAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS  
ADMITIDAS E EN AGARDA NOS CURSOS DE LINGUA GALEGA  
PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE  
LINGUA GALEGA CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 E CELGA 4

No *Diario Oficial de Galicia* do 19 de febreiro de 2019 publicouse a Resolución do 4 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuito, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

No apartado sexto da antedita Resolución indícase que, transcorrido o prazo de alegacións, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web (<http://lingua.gal>) a listaxe definitiva de persoas admitidas nos cursos.

Transcorrido o prazo sinalado para posibles alegacións contra a resolución provisional,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes definitivas de admitidos/as e as listaxes de agarda.

Ordenar a súa publicación na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

Contra esta resolución definitiva pola que se asignan as prazas, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación, un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ( BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

Secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez

